

XIII MERCADO VECIÑAL DE SEGUNDA MAN-ARES, DOMINGO 7 DE XULLO DE 2024

O VINDEIRO DOMINGO 7 DE XULLO DE 2024 (ENTRE AS 9:00 E AS 21:00 H) LEVAREMOS A CABO O **XIII MERCADO VECIÑAL DE SEGUNDA MAN –CONCELLO DE ARES**, DESTINADO Á VENDA DE ARTIGOS DE ESTAS CATEGORÍAS.

NA FEIRA PÓDESE, INTERCAMBIAR, MERCAR OU VENDER: XOGUETES, LIBROS, PELÍCULAS, MATERIAL DE COLECCIONISMO, ROUPA, CALZADO, BISUTERÍA DE SEGUNDA MAN E OUTROS ARTIGOS DE ARTESANÍA QUE SE CONSIDEREN DE INTERESE.

É UN MERCADO VECIÑAL DE PRODUTOS DE SEGUNDA MAN E ARTESANÍA

NON SE PERMITIRÁ A VENDA DE NINGÚN TIPO DE ALIMENTO OU COMIDA

1.- QUEN PODE POÑER UN POSTO?

- PARTICULARES EN XERAL (non se poderá vender nesta categoría máis dun 30 % de produto novo agás os feitos a man como actividade de entretemento, nunca con carácter comercial)
- ASOCIACIÓNS E SOCIEDADES DOMICILIADAS NA VILA (RESERVARÁNSE 10 POSTOS)
- PROFESIONAIS (MÁXIMO 20 POSTOS)

2.- QUE NECESITO?

CADA ADXUDICATARIO DEBE LEVAR TODO O NECESARIO PARA MONTAR O SEU POSTO, E SERÁ RESPONSABLE DESTE.

EN TODO CASO ASUME DEIXAR O ESPAZO CEDIDO NO MESMO ESTADO DE LIMPEZA NO QUE O ATOPOU (EN CASO CONTRARIO PERDERÁ O DEREITO A PARTICIPAR O ANO SEGUINTE).

3.- ONDE E ATA CANDO PODO SOLICITAR O POSTO?

AS INSCRICIÓNS LEVARÁNSE A CABO OS **SEGUINTE DÍAS NA BIBLIOTECA MUNICIPAL (ALIANZAS ARESANAS - RÚA MARÍA 11)**:

- **O 27 E O 28 DE XUÑO (a partir das 10:00) :** SOLICITANTES **EMPADROADOS** NO CONCELLO DE ARES.
- **DO 1 DE XULLO (a partir das 10:00)** RESTO DE SOLICITANTES ATA ESGOTAR PRAZAS.

A ADXUDICACIÓN, TRAS COMPROBAR QUE SE CUMPREN TODOS OS REQUISITOS, EFECTUARÁSE POR RIGUROSA ORDE DE INSCRICIÓN ATA REMATAR OS POSTOS.

AS SOLICITUDES FARANSE **PERSOALMENTE**, EN NINGÚN CASO SE PODERÁN FACER POR VÍA **TELEMÁTICA, WHATSAPP OU TELEFÓNICA.**

4.- CANTOS POSTOS PODEMOS SOLICITAR?

PODERASE SOLICITAR **UN POSTO POR PERSOA.**

XIII MERCADO VECIÑAL DE SEGUNDA MAN-ARES, DOMINGO 7 DE XULLO DE 2024

CADA PARTICIPANTE DISPÓN DUNHA SUPERFICIE DE EXPOSICIÓN DE **3 METROS LINEAIS**, (LIMITÁNDOSE O FONDO A 3 METROS MÁXIMO),

NO CASO DE **ASOCIACIÓN E SOCIEDADES DOMICILIADAS NA VILA**, SE XUSTIFICAN A NECESIDADE DE MÁIS DE 3 M LINEAIS PARA EXPOÑER OS SEUS PRODUTOS, PODERÁN OBTENR AUTORIZACIÓN PARA DOUS POSTOS.

A SOLICITUDE DEBERÁ PRESENTALA A **PERSOA RESPONSABLE** DO POSTO OU AUTORIZADO (neste caso debe achegar autorización asinada por ambos e copia do DNI de autorizado)

Cada persoa só poder ser autorizada para solicitar 1 posto máis o seu propio.

5.- CÓMO SOLICITAR O POSTO?

- CUBRIR A SOLICITUDE DE RESERVA DE POSTO QUE PODERÁ OBTENR NA BIBLIOTECA OU DESCARGAR DA WEB MUNICIPAL EN ENTREGALA NA BIBLIOTECA MUNICIPAL.
- FACER O PAGAMENTO NO MOMENTO DA INSCRICIÓN (debe achegar importe exacto)

NON SE ACEPTARÁ A ENTREGA DE NINGUNHA SOLICITUDE QUE NON VEÑA COMPLETA (DATOS, SINATURA, AUTORIZACION DE SER O CASO E XUSTIFICACIÓN DE PAGAMENTO)

- **NO CASO DE NON PODER ASISTIR O DÍA DO MERCADO, EN NINGÚN CASO SE DEVOLVERÁ O IMPORTE.**

6.- ONDE SE VAI SITUAR O MERCADO?

AO LONGO DE TODO O PASEO MARÍTIMO (DENDE A CAFETERÍA “O GAITEIRO” ATA O PEZ ROJO.

7.- CUSTO DE CADA POSTO?

- **8 €** PARTICULARES.
- **10 €** PROFESIONAIS.

AGÁS ASOCIACIÓN SEN ÁNIMO DE LUCRO E ONG.

O NÚMERO TOTAL DE POSTOS É DE **120**.

NORMAS DE ORGANIZACIÓN:

- O DÍA DO MERCADO (**7 DE XULLO**) OS POSTOS TERÁN QUE QUEDAR MONTADOS CON SUFICIENTE ANTELACIÓN POLA MAÑÁ CEDO, DE TAL XEITO QUE ÁS 09:00 H. DA MAÑÁ O PASEO TEN QUE QUEDAR LIBRE DE VEHÍCULOS.
- SE ÁS 10:00 H DA MAÑÁ O TITULAR NON TIVERA MONTADO O POSTO, A ORGANIZACIÓN PODERÁ FACER USO DO MESMO.
- SE ALGÚN DOS USUARIOS QUE TEÑEN POSTO AXUDICADO, NON TIVERA PREVISTO ASISTIR, **DEBERÁ COMUNICARLLO Á ORGANIZACIÓN COMO MÁXIMO ANTES DO XOVES, 4 DE XULLO ÁS 12:00H.** En caso contrario, **perderá o dereito a participar no Mercado ao ano seguinte.**

XIII MERCADO VECIÑAL DE SEGUNDA MAN-ARES, DOMINGO 7 DE XULLO DE 2024

- PERMITIRÁSE O PASO DE VEHÍCULOS O TEMPO SUFICIENTE PARA BAIXAR A MERCANCÍA , DESPOIS HABERÁ QUE RETIRALOS A UN LUGAR AXEITADO.
- CHEGADO O VENRES 5 DE XULLO, DE EXISTIREN PRAZAS VACANTES NALGUNHA DAS MODALIDADES DO PUNTO 1, PODERÁN SER CUBERTAS POLAS SOLICITUDES QUE FIGUREN NA LISTAXE DE AGARDA DAS OUTRAS DÚAS.
- A ORGANIZACIÓN RESÈRVASE O DEREITO A INTERPRETAR AS PRESENTES BASES NO CASO DE DÚBIDA OU CONFLITO.
- OS SOLICITANTES, COA PRESENTACIÓN DA SÚA SOLICITUDE, ACEPTAN AS PRESENTES BASES E OBRÍGANSE A CUMPLILAS.
- Seguindo o regulamento de protección datos persoais, as persoas solicitantes autorizan o tratamento dos datos facilitados polo Concello de Ares só cos fins asociados á xestión deste mercado. As persoas solicitantes poder exercer os seus dereitos de acceso, oposición, rectificación e cancelación dirixíndose ao correo cultura@concellodeares.com ou vía postal a Av Saavedra Meneses 12 15624 Ares .

Información:

Biblioteca Municipal de Ares (Rúa María 11)

Teléfono: 981 44 80 57

Inscricións:

Biblioteca Municipal de Ares (Rúa María 11)